

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE MARZO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de marzo de dous mil dezaoitto ; as nove horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de marzo de dous mil dezaoitto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**Outorgamento licenza de obras 1615/2018 RIB / N/19.22/16**

Visto o escrito presentado por **Don Román Blanco Reinoso**, onde solicita Licenza de Obras segundo **documentación técnica asinada polos arquitectos D Juan José Otero Vázquez e D<sup>a</sup> Cecilia López Muiños**, para a execución de peche de parcela, da cancela e da pavimentación na zona de acceso dende a estrada na Granxa de Outeiro.

Consta documentación técnica asinada polos arquitectos D Juan José Otero Vázquez e D<sup>a</sup> Cecilia López Muiños , para a execución de peche de parcela, da cancela e da pavimentación na zona de acceso dende a estrada na Granxa de Outeiro.

Consta no expediente Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 9 de marzo de 2018, que resolve:” autorizar a actuación de peche da parcela, cancela e pavimentación da zona de acceso en Granxa de Outeiro, Ribadavia.

**Constan Resolucións da AXI en sentido favorable con saída de 27/07/2017 e 10/11/2017.**

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 13 de marzo de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 16 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

**Conceder licencia a Don Román Blanco Reinoso para a execución de peche de parcela, da cancela e da pavimentación na zona de acceso dende a estrada na Granxa de Outeiro segundo documentación técnica asinada polos arquitectos D Juan José Otero Vázquez e D<sup>a</sup> Cecilia López Muiños .**

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Contía na que se orzan as obras:** 1.394,30 € orzamento de execución material

**Situación e emprazamento das obras:** Granxa de Outeiro, Francelos.

**Nome ou razón social do promotor:** D Román Blanco Reinoso

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendose abonado 42 € en concepto de taxas, non procede a práctica de liquidación complementaria.

### **OUTRAS CONDICIONS.-**

-As obras axustaranse a **documentación técnica asinada polos arquitectos D Juan José Otero Vázquez e D<sup>a</sup> Cecilia López Muiños**, para a execución de peche de parcela, da cancela e da pavimentación na zona de acceso dende a estrada na Granxa de Outeiro.

Na execución das obras de peche estarase ao disposto na Resolución da AXI en sentido favorable, con data de saída da Xunta de 27/06/2017.

Na execución das obras do acceso estarase ó disposto na Resolución da AXI en sentido favorable, con data de saída da Xunta de Galicia de 10/11/2017.

Antes do inicio das obras deberán presentarse o Oficio de Dirección de execución das obras e o de Coordinación en materia de seguridade e saúde.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na normativa aplicable.

**Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.**

### **ACOMETIDA DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por don Martín Iglesias Vázquez solicitando acometida de auga na Rúa Carballiño 6, 3<sup>o</sup>C, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 7-3-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2<sup>o</sup>, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, voceiro de Ribeiro en Común, no que expón que en relación co anuncio realizado desde a Alcaldía de declaración de non apta para consumo de auga da rede municipal de Ribadavia solicita información por escrito, asinada e rexistrada da empresa concesionaria municipal sobre: 1causas e orixe da incidencia 2 método proposto para a súa solución, así como os prazos da mesma. Información por escrito das autoridades sanitarias sobre esta cuestión, de non existir que se pida a quen corresponda. Maior dilixencia para informar a poboación, e non só por medios dixitais.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que na Comisión Informativa de servizos municipais do día 22 de marzo comparecerá a xerente da empresa Aqualia para aclarar todas as dúbidas que se plantexen.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, voceiro de Ribeiro en Común, denunciando a existencia de diversos puntos no termo municipal onde existen vertedoiros ilegais e solicitando a adopción de diversas medidas.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que se están adoptando as medidas oportunas para resolver o problema.

-Escrito de don César Manuel Fernández Gil, voceiro do grupo municipal do PP, no que solicita que se comprobe coa maior celeridade a calidade de auga de todas as fontes de uso público, situadas en diversos puntos do termo municipal, atendendo aos parámetros recomendados e que se sinalicen de forma adecuada indicando se son aptas para o consumo humano.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que na Comisión Informativa de servizos municipais do día 22 de marzo comparecerá a xerente da empresa Aqualia para aclarar todas as dúbidas que se plantexen.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, voceiro de Ribeiro en Común, no que expón a situación de falta de presión de auga nos vestiarios do Pavillón municipal (O Consello), e as queixas dos usuarios e usuarias e solicita que o goberno local e a concellería de deportes solucionen esta situación grave para o funcionamento axeitado e correcto dunha infraestrutura fundamental para o servizo municipal de deportes, como é o Pavillón Municipal de Deportes.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que o problema xa está en vías de solución.

-Escrito de don Antonio Pérez Estévez denunciando exceso de ruídos no pub Tubular e solicita que se comprobe se dito local se salta o limitador de son.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que está solicitado un sonómetro a Xunta de Galicia para realizar unha medición acústica.

-Informe de Aqualia, con rexistro de entrada no concello de 13 de marzo de 2018, sobre o estado de funcionamento do Servizo en Ribadavia.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

-Escrito do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, no que en relación á obra de rehabilitación enerxética do CEIP Plurilingüe de Ribadavia solicitando unha prórroga no prazo de inicio da obra e deferir o pago da liquidación do ICIO en tanto non se adxudique a contratación da obra.

Vistos os artigos 65 e 82 da Lei Xeral Tributaria.

A xunta de goberno acorda conceder unha prórroga no prazo de inicio das obras e deferir o abono da liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras ata que se efectúe a contratación da obra pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

-Escrito do Servizo Provincial da AXI , respostando a solicitude do concello de desbroce das estradas da RAEGA que transcorren polo concello de Ribadavia pñor mor da Feira do Viño.

-Escrito da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio climática autorización a cesión de uso dun equipo de medida do ruído.

-Escrito do Servizo de xestión técnico-administrativo e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza solicitando infome sobre a actividade recreativa/ deportiva denominada “ X Campeonato Península Ibérica”

-Escrito da Xunta de Galicia remitindo a V Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil autorizando o desbroce en accesos, senderos e postos de pesca do Coto de Pesca de Ribadavia.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas dunha vivenda de uso turístico.

-Escrito da Deputación Provincial comunicando decreto da Presidencia da Deputación autorizando a adhesión do concello de Ribadavia ao Programa provincial de cooperación para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viaria e provincial e concedendo , para dito fin, unha subvención ao concello de 4.500 euros.

-Escrito da Deputación Provincial notificando decreto do deputado delegado da área de facenda da Deputación concedendo unha subvención á Asociación Amigos da Lira por importe de 637,50 euros para actuación en Ribadavia o 30/03/2028.

-Escrito da Deputación Provincial notificando decreto do deputado delegado da área de facenda da Deputación concedendo unha subvención á Asociación Amigos da Lira por importe de 637,50 euros para actuación en Ribadavia o 28/04/2028.

-Escrito da Deputación Provincial notificando decreto do deputado delegado da área de facenda da Deputación concedendo unha subvención á Asociación

Amigos da Lira por importe de 637,50 euros para actuación en Ribadavia o 27/05/2028.

## **.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xaneiro 2018, por importe de 406,10 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

### **APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2018.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2018, por importe de 52.221,42 euros, tarifa de depuración por importe de 10.101,19 euros, máis 6.245,65 euros de IVE, resultando un total de 68.568,26 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2018, por importe de 19.284,42 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.279,91 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.829,10 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 2 de abril e o 22 de maio de 2018”.

### **CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FISICO DEPORTIVOS NO 2017**

Ao abeiro do recollido nas bases de convocatoria de subvencións aprobadas na Xunta de Goberno Local de 4 de maio de 2017, non habendo alegacións a resolución provisional e vista a proposta de resolución definitiva formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes, a xunta de goberno local acorda a concesión da subvención aos seguintes beneficiarios polos seguintes importes:

EVENTO	ENTIDADE	SUBVENCIÓN
II torneo minibalonman Festas do Portal	CEBM Ribadavia	523,2
II memorial Sumi	Ribeiro FC	555,9
II Campus Ribeiro	Ribeiro Fc	490,5
VI Trofeo Capital do Ribeiro de Karate	Mizukami Karate	1242,6
VI Trofeo I de Gimnasia Rítmica V Ribadavia	C Marusia	1177,2

Os beneficiarios , consonte ao previsto nas bases, teñen un mes de prazo dende a notificación do presente acordo para realizar a xustificación; para o que deberán presentar a conta xustificativa composta polos seguintes documentos:

-Relación de gastos da actividade , según o orzamento presentado ( Anexo IV das bases) con identificación do acreedor , importe e data de emisión.

-Facturas xustificativas en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento. No caso de gastos de arbitrase , achegarse certificación do colexio de árbitros . No caso de gastos de desprazamentos deberase presentar documento asinado polo preceptor co visto e prace do presidente, onde se reflectan nome, apelidos e NIF do preceptor e o CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €/km.

-Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes , tales como carteles, dípticos , páxina web e outros.

O pagamento efectuarase unha vez xustificada de xeito completo a subvención concedida.

**ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AOS NO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO.**

**Vistos os informes emitidos polo Director do Servizo municipal de Deportes e polo secretario do concello de data 20 de marzo de 2018 que incorporanse como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da**



**Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e copia dos cales se dará traslado ao interesado.**

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

Iniciar expediente de resolución do contrato administrativo do servizo de mantemento das instalación de calefacción e AQS no Centro Deportivo Municipal o Consello.

Notificar o presente acordo a empresa contratista Grupo Antolín Soluciones SI e concederlle un prazo de dez día naturais dende a recepción da notificación para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

-Vista a Sentenza do Xulgado do Social de data 12 de febreiro de 2018,número 58/2018, procedemento ordinario 806/2017, demandante don Francisco José Muñiz Ferro, demandado concello de Ribadavia, a xunta de goberno local acorda interpoñer Recurso de Suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove horas e cincoenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO